

2. Impulso da igualdade

a) Razóns que xustifican a elaboración do proxecto (ata 15 puntos)

Especificar as razóns e motivacións que xustifican o proxecto *

O IES N1 de Ribeira é un centro moi diverso, e, para que esa diversidade sexa respectada e posta en valor por toda a comunidade educativa, é preciso contar cun plan de acción que permita fomentar un clima de convivencia escolar saudable, igualitario e sen barreiras, moito máis se cabe tendo en conta que hoxe en día nos enfrontamos, na sociedade en xeral e no noso centro en particular, a unha polarización cada vez maior nos temas relacionados coa igualdade.

Por unha banda, observamos o aumento de actitudes homófobas, transfobas, machistas e racistas no noso centro (e na sociedade en xeral) e o conseguinte impacto no alumnado feminino e QUEER desas conductas discriminatorias. Por outra parte, atopamos alumnado moi sensibilizado coa diversidade que demanda que o seu centro educativo, e a sociedade en xeral, a respecten e a promovan e que moitas veces nos formula ao profesorado preguntas e inquedanzas que non somos quen de responder.

É por iso fundamental manter programas en prol da igualdade. Para dialogar e convencer ao alumnado que, polo motivo que sexa, non é quen de respectar a diversidade. Para acompañar e protexer a quen sofre violencia machista, LGTBIQ-fobia, racismo ou capacitismo. E para seguir formándonos e acompañar ao alumnado que está na vangarda da celebración e o respecto da diversidade.

b) Análise da situación de partida (ata 10 puntos)

Describe a situación interna do centro educativo (puntos fortes e débiles do centro así como as ameazas e oportunidades do contorno que inciden neste) en relación co proxecto desta modalidade. *

Debilidades:

- Falta de formación do profesorado para cuestións de diversidade afectivo-sexual e de xénero, de diversidade cultural e relixiosa.
- Actitudes homófobas, transfobas, machistas ou racistas detectadas entre o profesorado e o alumnado.
- Insuficiencia e incerteza en canto ao orzamento para poder desenvolver programas e actividades relacionadas coa igualdade e a inclusión.
- Necesidade de dotar de continuidade as actividades e iniciativas que se realizan en prol da igualdade.

Fortalezas:

- Gran diversidade do alumnado do centro. Ademais, no centro impártense cursos de alfabetización de persoas adultas maioritariamente procedentes doutros países, o que supón unha enorme riqueza cultural e lingüística para a comunidade educativa.
- Existencia dende o curso 21-22 dun Equipo de Igualdade (profesorado).
- Existencia dende o presente curso dunha Asemblea de Igualdade conformada por alumnado de distintos cursos da ESO.
- Existencia de diversas propostas individuais que abordan a temática de igualdade.
- Colaboración da ANPA na organización de actividades para traballar a igualdade e a inclusión.

Ameazas:

- Actitudes homófobas, transfobas, machistas, racistas detectadas nas familias do alumnado.
- Aumento preocupante da desinformación e discursos de odio nos medios de comunicación e nas redes sociais.

- Currículos moi extensos que dificultan adicarlle o tempo necesario a estes temas para traballalos de xeito transversal.

Oportunidades:

- Ribeira, ao ser unha vila cun porto moi importante, conta cunha poboación moi diversa, coa riqueza que iso trae consigo.
- Presenza na contorna de colectivos locais traballando activamente en cuestións relacionadas coa igualdade e a inclusión (As Malas Herbas, Renacer, Servizos Sociais).
- Colaboración cos centros educativos da contorna, especialmente CIFP Coroso e EEI Deán Grande.
- O Concello involúcrase na inclusión de diferentes colectivos na vila e promociona actividades conmemorativas en temas de igualdade.
- Colaboracións puntuais con asociacións e cooperativas con propostas educativas sobre igualdade (Aventeira, Feitoría Verde).

c) Definición dos obxectivos (ata 10 puntos)

Enumere os obxectivos que se perseguen co desenvolvemento do proxecto desta modalidade. Deberán basearse nos obxectivos específicos para esta modalidade recollidos na Resolución da convocatoria *

Tendo en conta os obxectivos específicos recollidos na Resolución da convocatoria para esta modalidade, os nosos para este curso académico serán os seguintes:

- a) Continuar promovendo valores e actitudes de respecto e fomento da igualdade en sentido amplo,
- b) Continuar propiciando a sensibilización, análise, rexeitamento e denuncia de calquera forma de discriminación (machista, LGTBIQ-fóbica, racista ou capacitista) na vida cotiá do alumnado dentro e fóra das aulas.
- c) Crear e manter espazos seguros para o alumnado máis vulnerable á discriminación machista, LGTBIQ-fóbica, racista ou capacitista.
- d) Crear e manter espazos nos que alumnado e profesorado podamos seguir formándonos en temáticas de igualdade.

d) Medidas que se pretenden desenvolver e a súa temporalización (ata 20 puntos)

Describe as medidas e actuacións que se van desenvolver, así como a súa temporalización. Deberán ser accións concretas, innovadoras e orientadas aos obxectivos *

A continuación detállanse as medidas e actuacións que pretendemos desenvolver. Ao tratarse dun proxecto con medidas e actuacións tan diversas, a temporalización variará en función da súa natureza e as necesidades que se vaian presentando.

- 1) Continuar colaborando con Feitoría Verde para levar a cabo un proxecto de intervención educativa con metodoloxías participativas en 3º e 4º ESO, no que se afofde sobre o machismo e a LGTBIQ-fobia, para que o alumnado sexa quen de identificar actitudes e pensamentos discriminatorios e propoñer e levar a cabo accións en prol da igualdade. Este proxecto de intervención educativa con Feitoría Verde comezará en canto saibamos de canto orzamento dispoñemos para realizalo. Levarase a cabo durante varias sesións de tutoría (de 6 a 8, en función das necesidades dos grupos e do orzamento dispoñible).

- 2) Incorporar no Plan de Acción Titorial elaborado polo departamento de Orientación propostas enmarcadas no respecto e fomento da igualdade. Temporalización: todo o curso.
- 3) Continuar colaborando con entidades que ofrecen charlas e obradoiros relacionados coa igualdade (Renacer, Quérote Máis...). Temporalización: momentos puntuais durante todo o curso.
- 4) Continuar celebrando as datas sinaladas (25N, 8M, Semana do Orgullo LGTBIQ) mediante o izado das bandeiras correspondentes, a realización de exposicións temáticas nos corredores e na biblioteca, recomendación de lecturas na biblioteca, visionado de curtas e vídeos. A celebración destas datas estará recollida no Plan de Acción Titorial elaborado polo departamento de Orientación e colaborarán titores e titoras así como os diferentes departamentos didácticos. Temporalización: momentos puntuais durante todo o curso.
- 5) Acompañar e colaborar coa recentemente creada asemblea de estudantes en prol da igualdade Dorna Lila. Temporalización: todo o curso.
- 6) Por petición da asemblea estudiantil Dorna Lila, transformar a caixa de correo Espazo Seguro (un lugar físico e virtual previo ao Punto Laranxa onde o alumnado podía denunciar de xeito anónimo calquera tipo de agresión sufrida ou presenciada) nun "Punto Lila" para recoller nela testemuñas relacionadas co machismo, a LGTBIQ-fobia, o racismo ou o capacitismo). Temporalización: para decidir nas vindeiras reunións da Dorna Lila.
- 7) Continuar actualizando o contador de vítimas de violencia machista (un panel imantado no corredor principal do centro onde se engade unha silueta e se actualiza o número de vítimas por violencia machista no que vai de ano cada vez que hai un asasinato). Temporalización: momentos puntuais durante todo o curso.
- 8) Continuar actualizando o Taboleiro de Igualdade e a conta de Instagram de Igualdade, no que se pendurará información relevante sobre Igualdade e Diversidade afectiva, sexual e de xénero. Temporalización: todo o curso.
- 9) Continuar coa formación do profesorado en temas de igualdade (III Congreso Educativo LGTBIQ+ de Galicia, Xornadas, XVI Seminario Nacional sobre a atención educativa ao alumnado inmigrante e outros congresos e charlas que vaian anunciándose). Temporalización: momentos puntuais durante todo o curso.
- 10) Realizar un proxecto de intervención estudiantil na cafetería do centro para garantir que os produtos ofrecidos nela sexan aptos para todo o alumnado, independentemente das súas opcións culturais ou relixiosas. Temporalización: 1º trimestre.

e) Implicación das familias do alumnado e doutras institucións ou asociacións (ata 5 puntos)

Describe a colaboración das familias e/ou doutras institucións/asociacións do contorno *

No noso centro contamos cunha ANPA moi involucrada e preocupada pola igualdade efectiva do alumnado. Colaboramos asiduamente para organizar charlas e obradoiros, así como para a celebración de datas conmemorativas. Por outra banda, estamos colaborando e continuaremos facéndoo con cooperativas e asociacións como Renacer, Aventureira e Feitoría Verde. En función das propostas doutras asociacións ou cooperativas da contorna que traballen no eido educativo e do orzamento dispoñible, valorárase colaborar con máis entidades.

f) Colaboración da administración local e doutras administracións (ata 5 puntos)

Describa a colaboración coa administración local e con outras administracións *

No centro colaboramos todos os anos co Concello de Ribeira en varias accións, especialmente para a celebración de datas sinaladas. Tamén colaboramos coa Policía Local (charlas e obradoiros) e pretendemos solicitar os obradoiros impartidos por Quérote Máis.

g) Necesidade de novos recursos que implica a modalidade (ata 5 puntos)

Especifique e xustifique os novos recursos que implica o desenvolvemento da modalidade *

Precísase orzamento para remunerar o proxecto de intervención educativa con metodoloxías participativas que levará a cabo Feitoría Verde no maior número de niveis posibles da ESO. O curso pasado quedamos moi satisfeitas co proxecto de intervención que levaron a cabo en 1º e 2º da ESO, polo que nos gustaría que eses grupos, este curso en 2º e 3º da ESO respectivamente, continúen desfrutando do mencionado programa (en 2º ESO continuar coa liña de mellora da convivencia e en 3º ESO iniciarse na liña de igualdade). Ademais, gustaríanos incluír ao alumnado de 4º, que está a piques de rematar a súa etapa educativa obrigatoria e que non tivo aínda a oportunidade de participar nun programa deste tipo.

Orzamento solicitado *

4000

h) Proceso de seguimento e avaliación interna do proxecto que se vai realizar (ata 15 puntos)

Describa o proceso de seguimento e avaliación interna que se vai empregar (periodicidade, documentación, procedemento, persoas responsables, instrumentación, recollida de datos...), nos termos establecidos no apartado 5 da Resolución *

Para o seguimento e avaliación das diferentes actividades do proxecto, as coordinadoras prepararán unha proposta para cada actividade na que o profesorado responsable desta recolla información básica sobre as mesmas:

- Título da actividade
- Obxectivos do proxecto aos que pretende contribuír
- Alumnado (ou profesorado no caso de ser formación) ao que vai dirixida
- Profesorado colaborador na organización
- Alumnado colaborador na organización
- Colaboración doutras entidades (se procede)
- Temporalización
- Avaliación da actividade: o profesorado responsable da actividade avaliará en que grao dita actividade contribúe á consecución dos obxectivos do proxecto mediante unha escala numérica.

Esta ficha de seguimento e avaliación será recollida polas coordinadoras ao finalizar cada actividade. Elaborarán un pequeno informe trimestral no que relaten o progreso do proxecto.

i) Indicadores de logro (ata 10 puntos)

Seleccionamos as marcadas en verde:

01. Número de accións encamiñadas á prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia *

02. Número de actividades desenvolvidas para a prevención e abordaxe da violencia de xénero. *

03. Número de actividades desenvolvidas para a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. *

04. Número de actividades desenvolvidas para a promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

*

05. Porcentaxe de incremento da participación do alumnado en actividades relacionadas co proxecto respecto ao curso anterior. *

06. Porcentaxe de participación de alumnado de xénero non binario nesta modalidade. *

06. Porcentaxe de participación de alumnas nesta modalidade. *

06. Porcentaxe de participación de alumnos nesta modalidade. *

07. Porcentaxe de participación de docentes (homes) nesta modalidade. *

07. Porcentaxe de participación de docentes (mulleres) nesta modalidade. *

07. Porcentaxe de participación de docentes (xénero non binario) nesta modalidade. *

08. Sinale outro, se o considera: Número de mensaxes no Punto Laranxa relacionados con machismo, LGTBIQ-fobia, racismo ou capacitismo.

j) Centros situados en concellos rurais de menos de 5 000 habitantes (5 puntos)

Selecione "Si" ou "**Non**" se o concello no que está situado o centro ten menos de 5 000 habitantes *

k) Alumnado ao que vai destinada esta modalidade

Grupos	Alumnos	Alumnas	Total
1º ESO A	17	10	27
1º ESO B	18	9	27
1º ESO C	10	12	22
2º ESO A	9	15	24
2º ESO B	12	13	25
2º ESO C	11	11	22
2º ESO D	9	6	15
3º ESO A	18	9	27
3º ESO B	7	15	22
3º ESO C	15	10	25
4º ESO A	14	13	27
4º ESO B	11	15	26
4º ESO C	13	13	26
3º ESO PDC	5	2	7
4º ESO PDC	5	6	11
TOTAL ESO	164	151	315
Grupos	Alumnos	Alumnas	Total
1º BAC A	10	19	29
1º BAC B	20	8	28
1º BAC C	16	9	25
1º BAC D	6	15	21

2º BAC A	12	12	24
2º BAC B	11	14	25
2º BAC C	1	15	16
2º BAC D	3	11	14
TOTAL BAC	79	103	182

Grupos	Alumnos	Alumnas	Total
ESA A	12	10	22
ESA B	11	14	25
			0
1º BAC	12	10	22
2º BAC A	9	8	17
2º BAC B	15	14	29
TOTAL NOCTURNO	59	56	115
Grupos	Alumnos	Alumnas	Total
Alfabetización ad.	45	34	79

l) Profesorado implicado

Indique o número de docentes (homes) con participación activa nesta modalidade *

Indique o número de docentes (mulleres) con participación activa nesta modalidade *

Indique o número de docentes (xénero non binario) con participación activa nesta modalidade *

	Profesores	Profesoras	Total
PROFESORADO	29	39	68

Indique os equipos ou departamentos participantes *

Todos os departamentos do centro.

m) Horario no que se desenvolverá a modalidade

Anote o número de horas semanais *

20

Describe detalladamente a distribución horaria na que se desenvolverán as actuacións do proxecto desta modalidade *

A distribución horaria na que se desenvolverán as actuacións do proxecto na modalidade de igualdade é difícil de describir detalladamente xa que se trata dun proxecto que abarca actividades moi diversas con distintos requerimentos en canto a tempo de organización e realización.

En canto á coordinación e á organización das actividades por parte do claustro, hai un pequeno grupo de profesorado que conta en total con 10 periodos lectivos de redución horaria para adicarlle a cuestións de igualdade. A iso hai que sumar as horas que lle dedicaremos á planificación e organización de actividades fóra do horario lectivo. Tamén hai bastante profesorado que colaborará na organización e posta en marcha das actividades antes enunciadas, empregando recreos, ocos no seu horario lectivo e horas extra fóra do seu horario.

En canto ao desenvolvemento das actividades co alumnado, realizaremos 3 tipos principais de actividades polo que respecta á distribución horaria:

- Actividades puntuais en horario lectivo (horas de clase): charlas, actualización do contador de vítimas de violencia de xénero, celebración de datas sinaladas...
- Actividades puntuais en horario lectivo (recreos): reunións operativas para a organización das datas conmemorativas, actualización do Taboleiro de Igualdade,
- Actividades puntuais fóra do horario lectivo: formación do profesorado, asistencia a congresos, asistencia á Convivencia de Asembleas Feministas.
- Actividades sostidas ao longo do curso cunha periodicidade mensual: reunións da asemblea estudiantil Dorna Lila (mediodía).
- Actividades sostidas ao longo do curso cunha periodicidade semanal: actividades do Plan de Acción Titorial e asociacións ou cooperativas que veñan a impartir charlas ou obradoiros nas sesións de tutoría.

3. Mellora da convivencia

a) Razóns que xustifican a elaboración do proxecto (ata 15 puntos)

Especificar as razóns e motivacións que xustifican o proxecto *

No IES Nº 1 de Ribeira consideramos que o establecemento de relacións de bo trato entre os membros da comunidade educativa é necesario para o desenvolvemento dunha educación de calidade, pero tamén é resultado da mesma. A convivencia positiva é compoñente, obxectivo, condición e resultado dunha educación de calidade, de aí a relevancia da posta en marcha de iniciativas diversas que a promovan. Por unha banda, cómpre desenvolver accións preventivas para o desenvolvemento da conduta prosocial no alumnado e, por outra, accións para a intervención en situacións de risco.

A etapa vital do noso alumnado caracterízase pola súa complexidade e, con frecuencia, por actitudes contrarias á convivencia, algo que repercute moi negativamente na relación cos iguais e tamén co resto da comunidade educativa. Consideramos factores protectores fronte ás violencias a promoción dos valores de respecto, comprensión e tolerancia, a abordaxe dos conflitos (que sempre existen na vida escolar) dende a resolución pacífica dos mesmos, e a construción de redes sociais de apoio.

Se queremos mellorar a convivencia no noso centro educativo é imprescindible ter en conta o contexto do que partimos. Hoxe en día enfrontámonos, na sociedade en xeral e no noso centro en particular, a un aumento significativo no número de casos de acoso escolar e das formas en que este se exerce debido as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías. Por outra banda, o IES Nº1 de Ribeira é un centro grande e moi diverso, e as veces o alumnado, en vez de celebrar as diferenzas como algo positivo, tórnaas excusa para exercer malas prácticas de convivencia. Polo tanto, consideramos moi necesario establecer un proxecto a medio e longo prazo no que se fomente a convivencia positiva e respectuosa coa diversidade tanto no propio centro como fóra del (especialmente no mundo virtual).

b) Análise da situación de partida (ata 10 puntos)

Describe a situación interna do centro educativo (puntos fortes e débiles do centro así como as ameazas e oportunidades do contorno que inciden neste) en relación co proxecto desta modalidade. *

Debilidades:

- Falta de formación do profesorado para cuestións de resolución de conflitos.
- Actitudes frecuentes contrarias á convivencia entre o alumnado.
- Existencia dun servizo de mediación articulado entre os distintos centros educativos da contorna, levado a cabo por profesorado, mais con pouca demanda de actuación no noso centro.
- Insuficiencia e incerteza en canto ao orzamento para poder desenvolver programas e actividades relacionados coa convivencia.
- Necesidade de dotar de continuidade as actividades e iniciativas que se realizan en prol da convivencia.
- Aulas masificadas e falta de espazos de lecer.

Fortalezas:

- Posta en marcha dun grupo de profesorado que revisará a normativa relativa á convivencia no centro.
- Existencia dende o presente curso dunha Asemblea de Igualdade conformada por alumnado de distintos cursos da ESO, que participará no fomento da convivencia positiva.
- Solicitude de formación para o profesorado en convivencia coma unha das liñas do PFPP.
- Vontade no centro de traballar na mellora da acollida de persoas migrantes que chegan ao centro (especialmente as de incorporación tardía).
- A ANPA do centro está sempre disposta a colaborar na organización de actividades para traballar a convivencia.

Ameazas:

- Pervivencia de actitudes contrarias á convivencia no entorno próximo ao alumnado.
- Persistencia de exemplos negativos de convivencia nos medios de comunicación e nas redes sociais.
- Currículos moi extensos que dificultan adicarlle o tempo necesario a estes temas para traballalos de xeito transversal.
- Alumnado con situacións persoais e familiares complexas, o que dificulta as súas relacións co resto da comunidade educativa.

Oportunidades:

- Ribeira, ao ser unha vila con un porto moi importante, conta cunha poboación moi diversa, coa riqueza que iso trae consigo.
- Presenza na contorna de colectivos locais traballando activamente en cuestións relacionadas coa convivencia (IMER, Renacer, Servizos Sociais).
- Colaboración con centros educativos da contorna (CIFP Coroso).

c) Definición dos obxectivos (ata 10 puntos)

Enumere os obxectivos que se perseguen co desenvolvemento do proxecto desta modalidade. Deberán basearse nos obxectivos específicos para esta modalidade recollidos na Resolución da convocatoria *

a) Identificar as incidencias relacionadas coa convivencia no centro e derivar os casos pola canle máis axeitada (mediación educativa, expedientes disciplinarios, orientación educativa...).

b) Fomentar un axeitado clima de aula e de centro mediante a revisión e actualización das normas que rexen a convivencia no centro para adaptalas ao momento actual e a promoción de medidas en prol da convivencia positiva.

c) Facilitar situacións educativas que promovan o exercicio da tolerancia, a non discriminación, o respecto, ademais do desenvolvemento de estratexias para a prevención e resolución de conflitos.

d) Impulsar a colaboración de toda comunidade educativa na mellora da convivencia escolar (profesorado, titores/as, alumnado, familia e persoal non docente).

d) Medidas que se pretenden desenvolver e a súa temporalización (ata 20 puntos)

Describe as medidas e actuacións que se van desenvolver, así como a súa temporalización. Deberán ser accións concretas, innovadoras e orientadas aos obxectivos *

A continuación detállanse as medidas e actuacións que pretendemos desenvolver. Ao tratarse dun proxecto con medidas e actuacións tan diversas, a temporalización variará en función da súa natureza e as necesidades que se vaian presentando.

1) Constituir un grupo de traballo de profesorado para reformular as NOF do centro, analizar o funcionamento da Aula de Convivencia e avaliar a posibilidade de introducir modificacións. Temporalización: todo o curso.

2) Continuar colaborando con IMER de Ribeira para informar e difundir a mediación como posible vía para a resolución dos conflitos no seo da comunidade educativa. Temporalización: todo o curso.

3) Formar o profesorado interesado en técnicas de mediación educativa e resolución de conflitos (PFPP). Temporalización: a determinar no calendario do PFPP.

4) Continuar realizando en 1º e 2º ESO obradoiros de convivencia con Feitoría Verde centrados no desenvolvemento de relacións de bo trato e dende a perspectiva da “provención” ou desenvolvemento das aptitudes necesarias para o afrontamento do conflito, dende a resposta ás necesidades emocionais individuais e colectivas dos grupos (seguridade, recoñecemento, pertenza, conexión). Dita intervención desenvolverase ao longo dun mínimo de 6-8 sesións con cada grupo. A temporalización dependerá da dispoñibilidade da entidade.

5) Comezar a implantar saídas ao comezo do curso a un entorno natural para fomentar a convivencia positiva dende un contexto diferente ás aulas. Este curso comezouse por 1º ESO (saída dun día para facer unha etapa do Camiño de Santiago) e 4º ESO (saída dunha semana para facer 5 etapas do Camiño de Santiago). Temporalización: primeiras semanas do curso.

6) Poñer en marcha unha nova edición do Concurso de Convivencia no que participen todas as aulas da ESO. No concurso, cada aula obtén unha puntuación mensual que reflicte o estado da aula, o clima de convivencia no grupo e o grao de implicación do alumnado na convivencia positiva do instituto. A valoración mensual é levada a cabo polos/as titores/as do grupo e por un xurado composto por profesorado, alumnado, persoal de limpeza e da ANPA. Temporalización: todo o curso.

7) Incorporar no Plan de Acción Titorial elaborado polo departamento de Orientación propostas enmarcadas no respecto e fomento da convivencia positiva. Temporalización: todo o curso.

8) Continuar colaborando con entidades que ofrecen charlas e obradoiros relacionados coa mellora da convivencia (Renacer, Convive Máis, Quérote Máis). Temporalización: momentos puntuais durante todo o curso.

9) Continuar celebrando datas sinaladas como o día contra o acoso escolar mediante a realización de exposicións temáticas nos corredores e na biblioteca, recomendación de lecturas na biblioteca, visionado de curtas e vídeos. A celebración destas datas estará recollida no Plan de Acción Titorial elaborado polo departamento de Orientación e colaborarán titores e titoras así como os diferentes departamentos didácticos. Temporalización: momentos puntuais durante todo o curso.

10) Como proposta da asemblea estudiantil Dorna Lila, colaborar na acollida de alumnado que se incorpore ao centro, especialmente aquel que non coñece as nosas linguas e o noso sistema educativo. Temporalización: organización do grupo de alumnado que acolle nas vindeiras reunións da Dorna Lila; posta en funcionamento do servizo: cando chegue alumnado de nova incorporación.

11) Ofertar espazos e actividades alternativas nos recreos: parladoiro organizado polo EDLG, xogos de mesa na aula de tecnoloxía actividades de Polos Creativos na aula de plástica. Temporalización: todo o curso.

e) Implicación das familias do alumnado e doutras institucións ou asociacións (ata 5 puntos)

Describe a colaboración das familias e/ou doutras institucións/asociacións do contorno *

No noso centro contamos cunha ANPA moi involucrada e preocupada pola convivencia positiva no centro. Colaboramos asiduamente para organizar charlas e obradoiros, así como para a celebración de datas conmemorativas. Por outra banda, estamos colaborando e continuaremos facéndoo con cooperativas e asociacións como Renacer, Aventureira e Feitoría Verde. En función das propostas doutras asociacións ou cooperativas da contorna que traballen no eido educativo e do orzamento dispoñible, valorarase colaborar con máis entidades.

f) Colaboración da administración local e doutras administracións (ata 5 puntos)

Describe a colaboración coa administración local e con outras administracións *

No centro colaboramos todos os anos co Concello de Ribeira en varias iniciativas relacionadas coa prevención do acoso escolar. Tamén colaboramos coa Policía Local (charlas e obradoiros) e pretendemos solicitar os obradoiros impartidos por Quérote Máis.

g) Necesidade de novos recursos que implica a modalidade (ata 5 puntos)

Especifique e xustifique os novos recursos que implica o desenvolvemento da modalidade *

Precísase orzamento para remunerar o proxecto de intervención educativa con metodoloxías participativas que levará a cabo Feitoría Verde no maior número de niveis posibles da ESO. O curso pasado quedamos moi satisfeitas co proxecto de intervención que levaron a cabo en 1º e 2º da ESO, polo que nos gustaría que 2º da ESO continúe desfrutando do mencionado programa. Ademais, gustaríanos que o alumnado que comeza este curso en 1º tamén se beneficie do proxecto.

Orzamento solicitado *

4000

h) Proceso de seguimento e avaliación interna do proxecto que se vai realizar (ata 15 puntos)

Describe o proceso de seguimento e avaliación interna que se vai empregar (periodicidade, documentación, procedemento, persoas responsables, instrumentación, recollida de datos...), nos termos establecidos no apartado 5 da Resolución *

Para o seguimento e avaliación das diferentes actividades do proxecto, as coordinadoras prepararán unha proposta para cada actividade na que o profesorado responsable desta recolla información básica sobre as mesmas:

- Título da actividade
- Obxectivos do proxecto aos que pretende contribuír
- Alumnado (ou profesorado no caso de ser formación) ao que vai dirixida
- Profesorado colaborador na organización
- Alumnado colaborador na organización
- Colaboración doutras entidades (se procede)
- Temporalización
- Avaliación da actividade: o profesorado responsable da actividade avaliará en que grao dita actividade contribúe á consecución dos obxectivos do proxecto mediante unha escala numérica.

Esta ficha de seguimento e avaliación será recollida polas coordinadoras ao finalizar cada actividade. Elaborarán un pequeno informe trimestral no que relaten o progreso do proxecto.

i) Indicadores de logro (ata 10 puntos)

Seleccionamos as marcadas en verde:

01. Número de accións encamiñadas a xerar un clima de seguridade, respecto e confianza no contexto escolar *

02. Número de accións encamiñadas a mellorar a convivencia, o clima e as relacións entre o alumnado. *

03. Número de actuacións dirixidas á prevención de condutas violentas ou discriminatorias *

04. Porcentaxe de aumento do número de casos resoltos pola vía da mediación *

05. Porcentaxe de incremento da participación do alumnado no programa de mediación escolar *

06. Porcentaxe de redución da apertura do número de expedientes *

07. Porcentaxe de aumento da implicación das familias nas accións educativas relacionadas con esta modalidade *

08. Porcentaxe de redución das faltas de orde, apercibimentos e sancións. *

09. Sinale outro, se o considera

j) Centros situados en concellos rurais de menos de 5 000 habitantes (5 puntos)

Seleccione "Si" ou "**Non**" se o concello no que está situado o centro ten menos de 5 000 habitantes *

k) Alumnado ao que vai destinada esta modalidade

Grupos	Alumnos	Alumnas	Total
1º ESO A	17	10	27
1º ESO B	18	9	27
1º ESO C	10	12	22
2º ESO A	9	15	24
2º ESO B	12	13	25
2º ESO C	11	11	22

2º ESO D	9	6	15
3º ESO A	18	9	27
3º ESO B	7	15	22
3º ESO C	15	10	25
4º ESO A	14	13	27
4º ESO B	11	15	26
4º ESO C	13	13	26
3º ESO PDC	5	2	7
4º ESO PDC	5	6	11
TOTAL ESO	164	151	315
Grupos	Alumnos	Alumnas	Total
1º BAC A	10	19	29
1º BAC B	20	8	28
1º BAC C	16	9	25
1º BAC D	6	15	21
2º BAC A	12	12	24
2º BAC B	11	14	25
2º BAC C	1	15	16
2º BAC D	3	11	14
TOTAL BAC	79	103	182

Grupos	Alumnos	Alumnas	Total
ESA A	12	10	22
ESA B	11	14	25
			0
1º BAC	12	10	22
2º BAC A	9	8	17
2º BAC B	15	14	29
TOTAL NOCTURNO	59	56	115
Grupos	Alumnos	Alumnas	Total
Alfabetización ad.	45	34	79

l) Profesorado implicado

Indique o número de docentes (homes) con participación activa nesta modalidade *

Indique o número de docentes (mulleres) con participación activa nesta modalidade *

Indique o número de docentes (xénero non binario) con participación activa nesta modalidade *

	Profesores	Profesoras	Total
PROFESORADO	29	39	68

Indique os equipos ou departamentos participantes *

Todos os departamentos do centro.

m) Horario no que se desenvolverá a modalidade

Anote o número de horas semanais *

20

Describe detalladamente a distribución horaria na que se desenvolverán as actuacións do proxecto desta modalidade *

A distribución horaria na que se desenvolverán as actuacións do proxecto na modalidade de convivencia é difícil de describir detalladamente, xa que se trata dun proxecto que abarca actividades moi diversas con distintos requerimentos en canto a tempo de organización e realización.

En canto á coordinación e á organización das actividades por parte do claustro, hai un pequeno grupo de profesorado que conta en total con 10 períodos lectivos de redución horaria para adicarlle a cuestións de convivencia. A iso hai que sumar as horas que lle dedicaremos á planificación e organización de actividades fóra do horario lectivo. Tamén hai bastante profesorado que colaborará na organización e posta en marcha das actividades antes enunciadas, empregando recreos, ocos no seu horario lectivo e horas extra fóra do seu horario.

En canto ao desenvolvemento das actividades co alumnado, realizaremos 3 tipos principais de actividades polo que respecta á distribución horaria:

- Actividades puntuais en horario lectivo (horas de clase): charlas, saídas de convivencia ao comezo do curso, celebración de datas sinaladas, reforma das NOF, coordinación da mediación educativa.
- Actividades puntuais en horario lectivo (recreos): reunións operativas para a organización das datas conmemorativas, reunións operativas para organizar a acollida de alumnado de nova incorporación.
- Actividades puntuais fóra do horario lectivo: formación do profesorado.
- Actividades sostidas ao longo do curso cunha periodicidade mensual: avaliación da evolución das aulas para o Concurso de Convivencia.
- Actividades sostidas ao longo do curso cunha periodicidade semanal: actividades do Plan de Acción Titorial e asociacións ou cooperativas que veñan a impartir charlas ou obradoiros nas sesións de tutoría.